



SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 18 DE XULLO DE 2016

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás oito horas e trinta minutos do día dezaioito de xullo de dous mil dezaseis, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 445 de data 18 de marzo de 2016: don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, don Juan González Leirós, dona Leonor Fernández Grande, dona Elisa Pestonit Barreiros e dona Josefa Vázquez Soto.

Faise constar que asiste á sesión dona M^a Dolores Blanca García Fernández, concelleira con delegación especial dos servizos de Participación Cidadá e Movemento Asociativo, incluídos na Área de Presidencia, isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Non asisten e presentan escusa dona Maria Jesús Gómez González e don Ramón Boga Moscoso.

Intervén como secretaria xeral dona Maria Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examínanse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º.Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 11 de xullo de 2016

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 11 de xullo de 2016 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco membros presentes que asistiron á citada sesión (non asistiu dona Elisa Pestonit Barreiros), aprobou o citado borrador.

2º. Boletíns e correspondencia

- Lei 8/2016, do 8 de xullo, da Presidencia da Xunta de Galicia, pola que se modifica a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia. (Diario Oficial de Galicia número 131, do 12 de xullo de 2016).

- Lei 9/2016, do 8 de xullo, da Presidencia da Xunta de Galicia, pola que se modifica a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais. (Diario Oficial de Galicia número 131, do 12 de xullo de 2016).



- Orde do 15 de xuño de 2016, da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións aos concellos galegos e ás asociacións de persoas praceiras dos mercados e prazas de abastos para a consecución de mercados de excelencia e se procede á súa convocatoria para o ano 2016 (código do procedemento IN223A). (Diario Oficial de Galicia número 133, do 14 de xullo de 2016).

- Orde do 10 de xuño de 2016, da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se establecen as bases reguladoras do programa de incentivos á creación de emprego e incremento da estabilidade laboral, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2016. (Diario Oficial de Galicia número 133, do 14 de xullo de 2016).

- Orde do 22 de xuño de 2016, da Consellería de Infraestruturas e Vivenda, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para a adquisición de vehículos taxi adaptados a persoas con mobilidades reducida (Eurotaxi), e se convocan para o exercicio 2016. (Diario Oficial de Galicia número 134, do 15 de xullo de 2016).

3º. Expedientes de contratación

3.1. Contratación mediante procedemento negociado sen publicidade, do servizo de desenvolvemento das actividades educativas municipais, para os cursos 2016/2017 e 2017/18, prorrogable ao curso 2018/2019, promovidas polo Departamento de Educación do Concello de Cambre. Expediente: 2016/C004/000004

A animadora deportiva municipal, adscrita á Area de Educación, coa conformidade do coordinador de actividades culturais educativas e da concelleira-delegada da Área de Igualdade, Terceira Idade, Voluntariado e Educación, elaborou con data do 23 de xuño de 2016, o informe-proposta para a contratación do servizo de actividades educativas municipais, para os cursos 2016/2017 e 2017/18, prorrogable ao curso 2018/2019, e mailas prescricións técnicas que rexerán para o seu desenvolvemento, por un presuposto de execución por contrata total de 28.554,75 euros, IVE incluído, tendo en conta a duración proposta para o contrato.

Existe consignación orzamentaria na aplicación 326.22709, por importe suficiente para facer fronte aos gastos desta contratación, segundo documento de retención de crédito emitido pola Intervención Municipal con data do 21/06/2016.

Consta ademais no expediente o prego de cláusulas administrativas particulares e o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral, conformado pola secretaria xeral e mailo interventor municipais de data 14 de xullo actual, favorable á aprobación do expediente de contratación.

Vista proposta da Alcaldía, de data 14 de xullo de 2016.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis concelleiros que asisten á sesión, acordou:



Primeiro: Incoar expediente de contratación mediante procedemento negociado sen publicidade, para adxudicar o servizo de desenvolvemento das actividades educativas municipais, para os cursos 2016/2017 e 2017/18, prorrogable ao curso 2018/2019, promovidas polo Departamento de Educación do Concello de Cambre, (contrato que ten como obxecto accesorio a adopción de medias de igualdade entre mulleres e homes e de conciliación, e maila promoción de medidas de creación de emprego para persoas con especiais dificultades de inserción laboral), cun valor estimado de 28.424,55 euros e un importe total de execución por contrata de 28.554,75 euros IVE incluído, isto en aplicación do establecido nos arts. 138, 174.e) e 177.2 do Texto Refundido da Lei dos contratos do sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011 do 14 de novembro, e artigo 324 da Lei 5/97 de administración local de Galicia, por canto o valor estimado do contrato é inferior a 100.000,00 euros, (exp. 2016 /C004/000004).

Segundo: Aprobar o gasto por conta da aplicación orzamentaria 326.22709, comprometéndose o concello a consignar as cantidades que corresponda nos seguintes exercicios orzamentarios

Terceiro: Aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas, e mailas características propias deste contrato, tal e como aparecen reflectidas no Anexo I do prego.

Cuarto: De conformidade co establecido no art. 89.2 do Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, e cláusula 4 do prego de cláusulas administrativas particulares, o prezo do presente contrato, atendendo á súa natureza e prazo de execución, non poderá ser obxecto de revisión, e, polo tanto, non se aplicará fórmula ningunha de revisión.

Quinto: Aprobar o expediente de contratación incoado, e proceder a publicar un anuncio indicativo da contratación nun dos diarios de maior tiraxe, ademais de publicar a información do expediente no Perfil de Contratante do Concello de Cambre e Plataforma de Contratos Públicos de Galicia, isto de conformidade co disposto polos artigos 169, 174 e 178 do Real Decreto Lexislativo 3/2011 do 14 de novembro, e art. 93 do RD 1098/2001 do 12 de outubro, que aproba o Regulamento xeral da Lei dos contratos das Administracións Públicas, á vista de que o valor estimado do contrato é inferior a 60.000,00 euros.

3.2. Contratación, mediante procedemento aberto multicriterio, da obra incluída no Plan de Acción Social (PAS) 2015, “Instalación de céspede artificial e rega no campo de fútbol “Os Pinares”, Brexo-Lema”, cun importe de execución por contrata de 492.102,54 euros IVE incluído. Expediente: 2016/C003/000007

O Pleno da Deputación Provincial da Coruña, na sesión ordinaria que tivo lugar o 8 de outubro de 2015, aprobou as Bases Reguladoras do Plan de acción social (PAS) 2015, que fóron publicadas no BOP nº 196 do 14 de outubro seguinte.

Mediante Circular recibida no Concello de Cambre o 9 de outubro seguinte, rexistrada ao nº 0/9332, comunicouse ao concello a aprobación, pola Deputación Provincial da Coruña, das anteditas bases e da cantidade asignada ao Concello de Cambre.

Emitidos os preceptivos informes, por acordo plenario do Concello de Cambre de data 14 de decembro de 2015, acordouse participar no Plan de Acción Social (PAS) 2015, no que se inclúe



a obra **“Instalación de céspede artificial e rega no campo de fútbol “Os Pinares”, Brexo-Lema”**, cun importe de execución por contrata de 492.102,54 euros IVE incluído. Na mesma sesión plenaria, acordouse aprobar o proxecto correspondente á antedita obra, elaborado pola enxeñeira de camiños, canles e portos dona Elena M^a Urcola Telleria, cun orzamento de execución por contrata de 492.102,54 euros.

Con data do día 4 de marzo de 2016, o Sr. Alcalde ditou a resolución nº 357/2016, na que, debido ao requirimento formulado pola Deputación Provincial da Coruña para que se corrixa deficiencias observadas no proxecto, se aproba o proxecto corrixido elaborado pola enxeñeira de camiños, canles e portos dona Elena M^a Urcola Telleria, correspondente á obra “Instalación de céspede artificial e rega no campo de fútbol “Os Pinares”, Brexo-Lema”, cun importe de execución por contrata de 492.102,54 euros IVE incluído.

A anterior Resolución da Alcaldía, foi ratificada polo Pleno municipal, con data do 16 de marzo de 2016.

O Pleno da Deputación Provincial da Coruña, en sesión ordinaria realizada o 29 de xuño de 2016, aprobou a cuarta e derradeira fase do Plan de Acción Social (PAS) 2015, notificándose ao concello con data do 06/07/2016.

O día 6 de xullo de 2016, rexístrase de Entrada no Concello de Cambre, ao nº 0/5866, Circular procedente da Deputación Provincial da Coruña, onde se comunica a aprobación da 4^a Fase do PAS 2015, no que se inclúe a obra proposta polo Concello de Cambre, **indicando, así mesmo, que pode iniciarse a fase de contratación e posterior execución das obras. O prazo para adxudicar as obras remata, segundo a Base 7 das reguladoras do PAS e punto primeiro da Circular remitida, o 1 de outubro de 2016**, (se ben pode solicitarse prórroga por causa xustificada).

O orzamento municipal en vigor prevé o gasto da achega municipal para esta contratación, na súa aplicación 342.62200 e o proxecto conta cos informes favorables, emitidos polo arquitecto municipal o 1 de decembro de 2015, e polo enxeñeiro de camiños municipal, emitido o 4 de decembro seguinte.

Con data do 1 de xullo de 2016, efectuouse o replanteo do proxecto, asinado polo arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito, quen emitiu, coa mesma data do 1 de xullo de 2016, un informe referido ás nomenclaturas a aplicar ao expediente, clasificación do contratista, criterios de valoración, e medios personais e materiais necesarios para executa-la obra.

Consta no expediente o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral, coa conformidade da secretaria xeral e máis do interventor da corporación, asinado con data do 14 de xullo de 2016.

Vista proposta da Alcaldía, de data 14 de xullo de 2016.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis concelleiros que asisten á sesión, acordou:



Primeiro: Incoar expediente de contratación mediante procedemento aberto, (con multiplicidade de criterios de valoración), para adxudicar o proxecto da obra de **“Instalación de céspede artificial e rega no campo de fútbol “Os Pinares”, Brexo-Lema”**, incluída na cuarta fase do Plan de Acción Social (PAS) 2015 da Excm. Deputación Provincial da Coruña, cun orzamento total de execución por contrata de 492.102,54 euros, IVE incluído,(en un valor estimado de 488.035,57 euros), isto en aplicación do establecido nos arts. 138, 142 a 161 do Texto Refundido da Lei dos contratos do sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011 do 14 de novembro, e artigo 324 da Lei 5/97 de administración local de Galicia, por canto, para a valoración das proposicións e a determinación da oferta economicamente máis vantaxosa, deberá atenderse a criterios directamente vinculados ao obxecto do contrato, e non só ao seu prezo. (exp. nº 2016/C003/000007)

Segundo: Aprobar o gasto por conta da aplicación orzamentaria 342.62200

Terceiro: Declarar a urxencia na tramitación do expediente, para os efectos establecidos no artigo 112 do TRLCSP, esto á vista de que a obra, polas súas características técnicas, debe ser executada preferiblemente antes do comezo da época de choiva, ademais de estar adxudicada antes do 1 de outubro actual, consonte á Base 7 das reguladoras do Plan de Acción Social (PAS) 2015, publicadas no BOP nº 196 do 14/10/2015.

Cuarto: Aplicar o prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberá de rexer para a contratación mediante procedemento aberto (con multiplicidade de criterios de valoración), das obras comprendidas nos plans provinciais e outras obras provinciais, aprobado pola Excm. Deputación Provincial da Coruña coa data do 30 de decembro de 2015, publicado no BOP nº 3 do 7 de xaneiro de 2016 , incluíndo entre os criterios de valoración a redución do prazo de execución da obra, e aprobar as características propias deste contrato, tal e como aparecen reflectidas no Anexo I do prego.

Quinto: De conformidade co establecido no art. 89 do Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, e cláusula 4.1 do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares, non procederá en ningún caso a revisión de prezos do contrato e, polo tanto, non se aplicará fórmula ningunha de revisión.

Sexto: Aprobar o expediente de contratación incoado e publicar o correspondente anuncio de licitación no BOP, e no Perfil de Contratante e Plataforma de Contratos Públicos de Galicia, de conformidade co disposto polos artigos 142 e 53 do TRLCSP, publicando, ademais, un anuncio indicativo nun dos diarios de maior tiraxe na Comunidade Autónoma de Galicia.

Sétimo: De conformidade co establecido na cláusula 15.1 do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares aplicable ao presente expediente, solicitar da Excm. Deputación Provincial da Coruña a designación dun técnico que forme parte do Comité de Expertos que se designará polo órgano de Contratación, a proposta da Mesa de Contratación Permanente do Concello de Cambre, e que terá por finalidade emitir informe técnico, debidamente motivado, respecto dos factores de adxudicación do procedemento aberto non avaliábeis de forma automática, (agás o factor prezo e demais criterios evaluábeis de forma automática), á vista da documentación incluída polos licitadores nos sobres “B” de “Referencias Técnicas. Criterios non avaliábeis de forma automática”.



3.3. Contratación mediante procedemento aberto multicriterio, da obra incluída no Plan de Aforro e Investimento (PAI) 2016 “Reforma de local comercial para uso de oficinas municipais”, cun importe de execución por contrata de 221.744,60 euros IVE incluído. Expediente: 2016/C003/000006

O Pleno da Deputación Provincial da Coruña, na sesión ordinaria que tivo lugar o 30 de decembro de 2015, aprobou as Bases Reguladoras do Plan de aforro e investimento (PAI) 2016, que fóron publicadas no BOP nº 2 do 5 de xaneiro de 2016.

Mediante Circular recibida no Concello de Cambre o 30 de decembro de 2015, comunicouse ao concello a aprobación, pola Deputación Provincial da Coruña, das anteditas bases e do importe do préstamo asignado ao Concello de Cambre.

Emitidos os preceptivos informes, por acordo plenario do Concello de Cambre de data 16 de marzo de 2016, acordouse participar no Plan de Aforro e Investimento (PAI) 2016, no que se inclúe a obra **“Reforma de local comercial para uso de oficinas municipais”**, cun importe de execución por contrata de 221.744,60 euros IVE incluído. Na mesma sesión plenaria, acordouse aprobar o proxecto correspondente á antedita obra, elaborado polo arquitecto don Óscar Valcuende Rodríguez, cun orzamento de execución por contrata de 221.744,60 euros.

Con data do día 27 de abril de 2016, o Pleno do Concello de Cambre, en sesión ordinaria, e debido ao requirimento formulado pola Deputación Provincial da Coruña para que se corrixan deficiencias observadas no proxecto, segundo escrito recibido no Concello de Cambre con data do 15 de abril de 2016, ratificou o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de 25 de abril de 2016, e aprobou o proxecto corrixido elaborado polo arquitecto don Óscar Valcuende Rodríguez, correspondente á obra **“Reforma de local comercial para uso de oficinas municipais”**, cun importe de execución por contrata de 221.744,60 euros IVE incluído, incluído no PAI 2016 como plan principal.

O Pleno da Deputación Provincial da Coruña, en sesión ordinaria realizada o 27 de maio de 2016, aprobou o Plan de Aforro e Investimento (PAI) 2016, notificándose ao concello con data do 10/06/2016.

O día 10 de xuño de 2016, rexístrase de Entrada no Concello de Cambre, ao nº 0/4895, Circular procedente da Deputación Provincial da Coruña, onde se comunica a aprobación do PAI 2016, no que se inclúe a obra proposta polo Concello de Cambre, **indicando, así mesmo, que pode iniciarse a fase de contratación e posterior execución das obras. O prazo para adxudicar as obras remata, segundo a Base 7 das reguladoras do PAS e punto primeiro da Circular remitida, o 30 de novembro de 2016**, (se ben pode solicitarse prórroga por causa xustificada).

O orzamento municipal en vigor prevé o gasto da achega municipal para esta contratación, na súa aplicación 231.63200 e o proxecto conta cos informes favorables, emitidos polo arquitecto municipal os días 10 de marzo e 25 de abril de 2016, e polo antedito funcionario e maila secretaria xeral da Corporación con data do 11 de marzo actual.



Con data do 30 de xuño de 2016, efectuouse o replanteo do proxecto, asinado polo arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito, quen emitiu, coa mesma data do 30 de xuño de 2016, un informe referido ás nomenclaturas a aplicar ao expediente, clasificación do contratista, criterios de valoración , e medios personais e materiais necesarios para executa-la obra.

Consta no expediente o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral, coa conformidade da secretaria xeral e máis do interventor da corporación, asinado con data do 14 de xullo de 2016.

Vista proposta da Alcaldía, de data 14 de xullo de 2016.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis concelleiros que asisten á sesión, acordou:

Primeiro: Incoar expediente de contratación mediante procedemento aberto, (con multiplicidade de criterios de valoración), para adxudicar o proxecto da obra de **“Reforma de local comercial para uso de oficinas municipais”**, incluída no Plan de Aforro e Investimento (PAI) 2016 da Excm. Deputación Provincial da Coruña, cun orzamento total de execución por contrata de 221.744,60 euros, IVE incluído,(en un valor estimado de 219.912,00 euros), isto en aplicación do establecido nos arts. 138, 142 a 161 do Texto Refundido da Lei dos contratos do sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011 do 14 de novembro, e artigo 324 da Lei 5/97 de administración local de Galicia, por canto, para a valoración das proposicións e a determinación da oferta economicamente máis vantaxosa, deberá atenderse a criterios directamente vinculados ao obxecto do contrato, e non só ao seu prezo. (exp. nº 2016/C003/000006)

Segundo: Aprobar o gasto por conta da aplicación orzamentaria 231.63200

Terceiro: Aplicar o prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberá de rexer para a contratación mediante procedemento aberto (con multiplicidade de criterios de valoración), das obras comprendidas nos plans provinciais e outras obras provinciais, aprobado pola Excm. Deputación Provincial da Coruña coa data do 30 de decembro de 2015, publicado no BOP nº 3 do 7 de xaneiro de 2016 , incluíndo entre os criterios de valoración a redución do prazo de execución da obra, e aprobar as características propias deste contrato, tal e como aparecen reflectidas no Anexo I do prego.

Cuarto:De conformidade co establecido no art. 89 do Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, e cláusula 4.1 do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares, non procederá en ningún caso a revisión de prezos do contrato e, polo tanto, non se aplicará fórmula ningunha de revisión.

Quinto: Aprobar o expediente de contratación incoado e publicar o correspondente anuncio de licitación no BOP, e no Perfil de Contratante e Plataforma de Contratos Públicos de Galicia, de conformidade co disposto polos artigos 142 e 53 do TRLCSP, publicando, ademáis, un anuncio indicativo nun dos diarios de maior tiraxe na Comunidade Autónoma de Galicia.

Sexto: De conformidade co establecido na cláusula 15.1 do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares aplicable ao presente expediente, solicitar da Excm. Deputación



Provincial da Coruña a designación dun técnico que forme parte do Comité de Expertos que se designará polo órgano de Contratación, a proposta da Mesa de Contratación Permanente do Concello de Cambre, e que terá por finalidade emitir informe técnico, debidamente motivado, respecto dos factores de adxudicación do procedemento aberto non avaliábles de forma automática, (agás o factor prezo e demais criterios evaluábles de forma automática), á vista da documentación incluída polos licitadores nos sobres “B” de “Referencias Técnicas. Criterios non avaliábles de forma automática”.

3.4. Contratación mediante procedemento aberto, (cun único criterio de valoración : factor prezo), da obra incluída no Plan de Aforro e Investimento (PAI) 2016 “Proxecto básico e de execución de instalación de ascensor na Casa Consistorial de Cambre”. Expediente: 2016/C003/000005

O Pleno da Deputación Provincial da Coruña, na sesión ordinaria que tivo lugar o 30 de decembro de 2015, aprobou as Bases Reguladoras do Plan de aforro e investimento (PAI) 2016, que fóron publicadas no BOP nº 2 do 5 de xaneiro de 2016.

Mediante Circular recibida no Concello de Cambre o 30 de decembro de 2015, comunicouse ao concello a aprobación, pola Deputación Provincial da Coruña, das anteditas bases e do importe do préstamo asignado ao Concello de Cambre.

Emitidos os preceptivos informes, por acordo plenario do Concello de Cambre de data 16 de marzo de 2016, acordouse participar no Plan de Aforro e Investimento (PAI) 2016, no que se inclúe a obra **“Proxecto básico e de execución de instalación de ascensor na Casa Consistorial de Cambre”**, cun importe de execución por contrata de 39.990,00 euros IVE incluído. Na mesma sesión plenaria, acordouse aprobar o proxecto correspondente á antedita obra, elaborado polo arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito, cun orzamento de execución por contrata de 39.990,00 euros.

Con data do día 27 de abril de 2016, o Pleno do Concello de Cambre, en sesión ordinaria, e debido ao requirimento formulado pola Deputación Provincial da Coruña para que se corrixa as deficiencias observadas no proxecto, segundo escrito recibido no Concello de Cambre con data do 21 de abril de 2016, aprobou o proxecto corrixido elaborado polo arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito, correspondente á obra **“Proxecto básico e de execución de instalación de ascensor na Casa Consistorial de Cambre”**, cun importe de execución por contrata de 39.990,00 euros IVE incluído, incluído no PAI 2016 como plan principal.

O Pleno da Deputación Provincial da Coruña, en sesión ordinaria realizada o 27 de maio de 2016, aprobou o Plan de Aforro e Investimento (PAI) 2016, notificándose ao concello con data do 10/06/2016.

O día 10 de xuño de 2016, rexístrase de Entrada no Concello de Cambre, ao nº 0/4895, Circular procedente da Deputación Provincial da Coruña, onde se comunica a aprobación do PAI 2016, no que se inclúe a obra proposta polo Concello de Cambre, **indicando, así mesmo, que pode iniciarse a fase de contratación e posterior execución das obras. O prazo para adxudicar as**



obras remata, segundo a Base 7 das reguladoras do PAS e punto primeiro da Circular remitida, o 30 de novembro de 2016, (se ben pode solicitarse prórroga por causa xustificada).

O orzamento municipal en vigor prevé o gasto da achega municipal para esta contratación, na súa aplicación 920.62200 e o proxecto conta cos informes favorables, emitidos polo arquitecto municipal o 22 de abril de 2016, e polo antedito funcionario e maila secretaria xeral da Corporación con data do 11 de marzo actual.

Con data do 30 de xuño de 2016, efectuouse o replanteo do proxecto, asinado polo arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito, quen emitiu, coa mesma data do 30 de xuño de 2016, un informe referido ás nomenclaturas a aplicar ao expediente, clasificación do contratista, criterios de valoración, e medios personais e materiais necesarios para executa-la obra.

Consta no expediente o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral, coa conformidade da secretaria xeral e máis do interventor da corporación, asinado con data do 14 de xullo de 2016.

Vista proposta da Alcaldía, de data 14 de xullo de 2016.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis concelleiros que asisten á sesión, acordou:

Primeiro: Incoar expediente de contratación mediante procedemento aberto, (cun único criterio de valoración : factor prezo), para adxudicar a obra de “**Proxecto básico e de execución de instalación de ascensor na Casa Consistorial de Cambre**”, incluída no Plan de Aforro e Investimento (PAI) 2016 da Excm. Deputación Provincial da Coruña, ,cun orzamento total de execución por contrata de 39.990,00 euros, IVE incluído,(en un valor estimado de 39.659,51 euros), isto en aplicación do establecido nos arts. 138, 142 a 161 do Texto Refundido da Lei dos contratos do sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011 do 14 de novembro, e artigo 324 da Lei 5/97 de administración local de Galicia, por canto, para a valoración das proposicións e a determinación da oferta economicamente máis vantaxosa, deberá utilizarse un único criterio de valoración, sendo este o factor prezo, (exp. nº 2016/C003/000005)

Segundo: Aprobar o gasto por conta da aplicación orzamentaria 920.62200

Terceiro: Aplicar o prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberá de rexer para a contratación mediante procedemento aberto (cun único criterio de valoración : factor prezo), das obras comprendidas nos plans provinciais e outras obras provinciais, aprobado pola Excm. Deputación Provincial da Coruña coa data do 30 de decembro de 2015, publicado no BOP nº 3 do 7 de xaneiro de 2016 ,así como aprobar as características propias deste contrato, tal e como aparecen reflectidas no Anexo I do prego.

Cuarto:De conformidade co establecido no art. 89 do Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, e cláusula 4.1 do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares, non



procederá en ningún caso a revisión de prezos do contrato e, polo tanto, non se aplicará fórmula ningunha de revisión.

Quinto: Aprobar o expediente de contratación incoado e publicar o correspondente anuncio de licitación no BOP, e no Perfil de Contratante e Plataforma de Contratos Públicos de Galicia, de conformidade co disposto polos artigos 142 e 53 do TRLCSP, publicando, ademais, un anuncio indicativo nun dos diarios de maior tiraxe na Comunidade Autónoma de Galicia.

3.5. Proposta de adjudicación, no prezo ofertado de 27.769,00 euros (IVE engadido), a empresa CANARGA S.L., do contrato menor para execución da obra “Mellora do pavimento das rúas Ramón Cabanillas, Emilia Pardo Bazán”, incluída na convocatoria de subvencións para a creación e/ou mellora de infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinados a concellos de Galicia para o ano 2016, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do Programa de Desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020, publicada no DOG nº 247 do 29 de decembro de 2015. Expte.: 2016/C002/000011

Coa data do 28 de xaneiro de 2016 solicitouse unha subvención ao abeiro da Orde do 23 de decembro de 2015, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinados a concellos de Galicia para o ano 2016, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020, publicada no DOG nº 247 do 29 de decembro de 2015, para a realización da obra “Mellora do pavimento nas rúas Ramón Cabanillas, Emilia Pardo Bazán”.

Esta liña de subvencións finánciase nun 75 % con cargo ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), nun 7,5 % pola administración xeral do Estado e nun 17,50 % pola Xunta de Galicia. Estes fondos Feader están incluídos no Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020. Este obxectivo recóllese na medida 7, Servizos básicos e renovación de poboacións en zonas rurais ; submedida 7,40, Creación, ampliación e mellora de servizos básicos locais.

Con data do 27 de abril de 2016, o Pleno do Concello de Cambre aprobou o proxecto denominado “Mellora do pavimento das rúas Ramón Cabanillas, Emilia Pardo Bazán”, elaborado pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal, cun orzamento de execución por contrata de 52.091,49 euros.

Coa data do 4 de maio de 2016 tivo entrada no rexistro xeral do Concello, ao nº 0/3622, a notificación da resolución de concesión da subvención antedita, por importe de 34.440,66 euros.

A Intervención Municipal emitiu documento de retención de crédito con data 31 de maio de 2016.



Coa data do 2 de xuño de 2016 a enxeñeira técnica de obras públicas municipal emite un informe no que se propón que para a valoración de ofertas se terá en conta unicamente o factor prezo, e indica unha relación de empresas que contan con capacidade para executar a obra prevista, e, polo tanto, poderían ser invitadas a participar na licitación que se incoe, para os efectos de servir de referencia ao órgano de contratación, sen prexuízo de que este puidese invitar a participar na licitación ás empresas que se considerasen convenientes.

Coa data do 3 de xuño de 2016, dítase Providencia da Alcaldía pola que se acorda invitar a participar a seis empresas, propostas pola técnica municipal, incoándose pola Sección de Servizos municipal a tramitación da contratación menor da actuación mencionada anteriormente.

Remítironse invitacións mediante correo electrónico con data 3 de xuño de 2016 para participar na presente licitación ás seguintes empresas, cuxo obxecto social comprende o obxecto do presente contrato, e quedando no expediente a acreditación da recepción das invitacións enviadas a:

CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO S.L.
CONSTRUCCIONES LOPEZ CAO, S.L.
F. GÓMEZ Y CIA, S.L.
CANARGA, S.L.
ARIAS INFRAESTRUCTURAS, S.A.
ASOGAL CONSTRUCCIONES, S.L.

Rematado o prazo de presentación, cinco das entidades invitadas presentaron as súas ofertas, que constan rexistradas de Entrada no expediente.

Con data do 12 de xullo de 2016 emitiuse proposta de adxudicación pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal, coa conformidade do concelleiro-delegado de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente e Patrimonio, a prol da entidade "Canarga, S.L.", por ser a que maior puntuación obten na valoración do criterio de adxudicación factor prezo, ao efectuar a oferta máis baixa, comprometéndose á execución da obra no importe total de 27.769,00 euros, IVE incluído, e sen atoparse incurso en presunción de desproporción.

Os artigos 111 e 138.3 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP), establecen que nos contratos de obras, se considerarán contratos menores os de importe inferior a 50.000 euros, que poderán adxudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para a realización da prestación, e que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto e a incorporación da factura correspondente, ademais do presuposto das obras, sen prexuízo de que deba existir o correspondente proxecto cando as normas específicas o requiran, así como o informe de supervisión, cando o traballo afecte á estabilidade, seguridade ou estanqueidade da obra.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral coa data do 14 de xullo actual, e incoado expediente de contratación nº SIGM 2016/C002/0000011,

Vista proposta da Alcaldía, de data 14 de xullo de 2016.



A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis concelleiros que asisten á sesión, acordou:

Primeiro: Acordar a contratación como contrato menor, expte 2016/C002/000011, da obra “Mellora do pavimento das rúas Ramón Cabanillas, Emilia Pardo Bazán”, subvencionada consonte á Orde do 23 de decembro de 2015, *polo que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora de infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinados a concellos de Galicia para o ano 2016, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do Programa de Desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020, publicada no DOG nº 247 do 29 de decembro de 2015, isto en aplicación do establecido nos artigos 111 e 138.3 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.*

Segundo: Aprobar o gasto por importe de 52.091,49 euros con cargo á aplicación orzamentaria 2016 1532 619 00

Terceiro: Admitir na licitación ás entidades “CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO S.L.”, “CONSTRUCCIONES LOPEZ CAO, S.L.”, “F. GÓMEZ Y CIA, S.L.”, “CANARGA, S.L.” e , “ASOGAL CONSTRUCCIONES, S.L.”

Cuarto: Adxudicar a obra no prezo ofertado de 27.769,00 euros (IVE incluído), a empresa “CANARGA S.L.”, con CIF B-15360902 e domicilio en Polígono Industrial de A Grela, Rúa Gambrinus, nº 99, 15008 A Coruña, por ser a oferta máis vantaxosa en aplicación do criterio de valoración factor prezo contemplado no expediente de contratación incoado.

A orde decrecente de clasificación obtida polas entidades licitadoras, en función das ofertas presentadas, foi a seguinte:

Empresa	Clasificación
CANARGA, S.L.	1º
CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO S.L.	2º
CONSTRUCCIONES LOPEZ CAO, S.L.	3º
F. GÓMEZ Y CIA, S.L.	4º
ASOGAL CONSTRUCCIONES, S.L.	5º

Quinto: De conformidade co establecido no art. 111.1 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que, en todo caso, deberá conter as mencións previstas no art. 72.1 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas.

Sexto: Designar como directora da obra e responsable do contrato á enxeñeira técnica de obras públicas municipal, dona Elena Bartolomé Delanoë, de conformidade co disposto no artigo 52 do TRLCSP á que lle corresponderá supervisar a súa realización e adoptar as decisións e dictar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da actuación pactada.



Sétimo: De conformidade co establecido no artigo 13, punto 6 , da Orde do 23 de decembro de 2015, o concello deberá destinar os bens ao fin para o que se concede esta subvención durante un período mínimo de cinco anos.

Oitavo: De conformidade co establecido no artigo 13, punto 10 , da Orde do 23 de decembro de 2015, as entidades beneficiarias , estarán obrigadas a cumprir coas obrigas de información e publicidade comunitaria establecidas no punto 2 da parte 1 anexo III, do Regulamento de Execución (UE) 1305/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), que incluírán en todo caso :

- Colocación dun cartel publicitario, durante a execución do proxecto subvencionado
- Instalación dunha placa explicativa permanente ao remate do proxecto

Todas as medidas de información e publicidade incluírán os seguintes elementos :

- a) A bandeira europea
- b) Referencia ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader)
- c) Declaración do fondo : "*Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural : Europa inviste no rural*"
- d) Así mesmo, incluírán unha referencia á participación do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente no cofinanciamento das actuacións subvencionadas, mediante a inclusión do logotipo deste organismo no cartel e na placa explicativa permanente.

Noveno : Notifíquese aos interesados, con indicación dos recursos que procedan, así como aos Departamentos de Intervención e Servizos, e á técnica de xestión de Administración xeral-responsable de Contratación, para a súa constancia e aos efectos oportunos.

4º. Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local

Os presentes danse por enterados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 8 ao 14 de xullo do ano que andamos, que comeza coa resolución da Alcaldía número 1068/2016 e remata coa resolución da Alcaldía número 1113/2016, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
1068/2016	08/07/2016	Convocatoria Xunta Goberno Local día 11 de xullo de 2016
1069/2016	08/07/2016	Novas solicitudes para uso dos locais de ensaio musical 2016 - II
1070/2016	08/07/2016	Voda civil de JCRJ e MDDT o 16 de xullo ás 11:30 horas
1071/2016	08/07/2016	Voda civil de AGL e MAR
1072/2016	08/07/2016	Inicio de procedemento sancionador. Infracción tributaria por



		incumprir a obriga de presentar de forma completa e correcta declaracións ou documentos necesarios para practicar liquidacións ou autoliquidacións (arts 191 e 192 lxt). p. sancionador: expediente comprobación limitada 1/2015
1073/2016	08/07/2016	Recoñecemento dos gastos imputables ao contrato de explotación da piscina da Barcala pola paralización do servizo, a favor de HEBE SPORT, S.L con carácter de gasto plurianual
1074/2016	08/07/2016	Autorización de venda ambulante ocasional nas festas de Andeiro. Solicitante: ARV
1075/2016	11/07/2016	Renuncia axuda recibo luz posterior á aprobación de concesión de MAAM
1076/2016	11/07/2016	Baixa no servizo de axuda no fogar PMT
1077/2016	11/07/2016	Inicio de procedemento sancionador. Infracción tributaria por incumprir a obriga de presentar de forma completa e correcta declaracións ou documentos necesarios para practicar liquidacións ou autoliquidacións (arts 191 e 192 lxt). p. sancionador: expediente comprobación limitada 13/2015
1078/2016	11/07/2016	Expediente de declaración de ruína 2015/I002/000117 de edificación situada en Estrada Cambre-Temple, Cambre PTC en representación de ICF
1079/2016	11/07/2016	Recoñecemento de obrigas correspondentes á xustificación dos abonos das cotas do RETA, realizados polos beneficiarios de subvencións concedidas ao abeiro das bases reguladoras e convocatoria do programa de axudas municipais á creación de empresas - Programa Cambre Emprende 2015
1080/2016	11/07/2016	Expediente de declaración de ruína 2015/I002/000117 de edificación sita en Estrada Cambre-Temple, Cambre JMMD
1081/2016	12/07/2016	Expediente de disciplina urbanística 2014/I002/000237 por obras realizadas en local situado en rúa Polígono, O Temple MRRC
1082/2016	12/07/2016	Celebración voda civil de JIA e PFC o 23 de xullo ás 13:30 horas
1083/2016	12/07/2016	Inicio de procedemento sancionador. Infracción tributaria por incumprir a obriga de presentar de forma completa e correcta declaracións ou documentos necesarios para practicar liquidacións ou autoliquidacións (arts 191 e 192 lxt). p. sancionador: expediente comprobación limitada 10/2015.
1084/2016	12/07/2016	Celebración voda civil de BSV e JMLC
1085/2016	13/07/2016	Alta no servizo de axuda no fogar DNN
1086/2016	13/07/2016	Corrección erro na resolución nº 1083/2016, de 12 de xullo de 2016, de inicio de procedemento sancionador. proposta de resolución (procedemento abreviado). infracción tributaria por incumprir a obriga de presentar de forma completa e correcta declaracións ou documentos necesarios para practicar liquidacións ou autoliquidacións (arts 191 e 192 lxt). p. sancionador: expediente comprobación limitada 10/2015



1087/2016	13/07/2016	Celebración voda civil de BCP e PCC o 23 de xullo de 2016 ás 13:00 horas
1088/2016	13/07/2016	Celebración voda civil de SRS e FJVG o 29 de xullo de 2016 ás 12:00 horas
1089/2016	13/07/2016	Concesión axuda recibo auga por importe de 65,04 euros. Solicitante: SLR
1090/2016	13/07/2016	Denegar a axuda farmacia, segundo o disposto no artigo 22.5 da ordenanza reguladora, a unidade familiar ocultou datos relativos ao expediente. Solicitante: HC
1091/2016	13/07/2016	Alta no servizo de axuda no fogar PMT
1092/2016	13/07/2016	Denegar a axuda vale alimentos, segundo o disposto no artigo 22.5 da ordenanza reguladora, a unidade familiar ocultou datos relativos ao expediente Solicitante: LCT
1093/2016	13/07/2016	Denegar a axuda recibo auga, segundo o disposto no artigo 22.5 da ordenanza reguladora, a unidade familiar ocultou datos relativos ao expediente. Solicitante: EH TT
1094/2016	13/07/2016	Baixa no servizo de axuda no fogar AGD
1095/2016	13/07/2016	Baixa no servizo de axuda no fogar JTI
1096/2016	13/07/2016	Provisión interina de 2 albaneis utilizando listaxe de contratación existente por acumulación de tarefas
1097/2016	13/07/2016	Concesión autorización transmisión da titularidade do dereito de uso privativo das urnas sinaladas coas letras "A" "B" "C" e "D", no panteón perimetral nº 84, no cemiterio municipal de Cambre a prol de MBG
1098/2016	13/07/2016	Concesión e apertura de urna para inhumar o cadáver de don X NGM., falecido o día 9/6/2016.
1099/2016	13/07/2016	Concesión e apertura de urna no cemiterio municipal de Cambre, para inhumar o cadáver de don CFB, falecido o 27 de xuño de 2016
1100/2016	13/07/2016	Expedientes sancionadores de tráfico: DIM (P 3640)
1101/2016	13/07/2016	Corrección erro na resolución nº 463 de data 19/03/2015, Autorización transmisión concesión de uso das urnas sinaladas coas letras A e B, no panteón Central nº 46, no cemiterio municipal de Cambre
1102/2016	13/07/2016	Conceder unha zona carga e descarga en Castellana. Solicitante: SMI, S.L.
1103/2016	13/07/2016	Conceder a licenza municipal para a execución dunha acometida eléctrica na finca sita no lugar de San Bartolomeu, Pravio. Solicitante: UFD, S.A.
1104/2016	13/07/2016	Conceder a licenza municipal para a execución dunha acometida eléctrica na finca situada no lugar de Fabás, Pravio. Solicitante: UFD, S.A.
1105/2016	13/07/2016	Conceder a licenza municipal para a colocación dun espello panorámico co fin de facilitar a saída da finca situada na rúa A Castellana, Cambre. Solicitante: JJBR



1106/2016	13/07/2016	Execución subsidiaria de orde de demolición de peche en Graduill, Cambre JFB
1107/2016	13/07/2016	Conceder a licenza de vao permanente para o garaxe do edificio situado na rúa Balado, Cambre. Solicitante. Comunidade de propietarios
1108/2016	13/07/2016	Conceder a licenza para festas Andeiro de 16, 17 e 18 xullo 2016. Solicitante: comisión de festas
1109/2016	14/07/2016	Nomeamento 3 operarios condutores motoboma durante o verán de 2016
1110/2016	14/07/2016	Expedientes sancionadores de tráfico: recurso reposición desestimatorio expediente 800/2016
1111/2016	14/07/2016	Aprobación da venda de chapas na tenda do museo xacemento romano de cambre e fixacion do prezo de venda
1112/2016	14/07/2016	Concesión de autorizacións para o exercicio da venda ambulante ocasional, nos postos xestionados polo Concello de Cambre durante a celebración do GALAICOI
1113/2016	14/07/2016	Saída ó Aquapark de Cerceda (A Coruña) Progama KDADAS DE VERÁN 2016

5º. Informes doutros asuntos de área

Informes da alcaldía

Don Óscar A. García Patiño dá conta dos seguintes asuntos:

- Sinatura de convenio coa Deputación/Cultura.
- Academia de inglés, encontro cos nenos no parque Ramón Barba.
- Reunión coa Asociación de Empresarios, tema festa templarios.
- Radio Voz co concelleiro de Cultura, Tradicións Populares e Deportes don Ramón Boga Moscoso, co tema Galaicoi.
- Gael, catálogo servizos Consorcio das Mariñas.
- Inauguración Galaicoi.

Dentro da área de Movemento Asociativo:

- O día 11/07/2016, desprazouse con Javier de Obras e Servizos por unhas queixas veciñais, as cales se solucionaron no momento.
- O día 12/07/2016, achegouse pola oficina unha veciña da Barcala por uns problemas cos cans, falou co alcalde, quen se encargou de solucionar o problema. Máis tarde, esta mesma veciña chamou por teléfono, para agradecer a rapidez da xestión.
- O día 13/07/2016 achegouse ao despacho o presidente da Comisión de Festas de San Martín de Andeiro "Zugadela" para informar do inicio das festas do Carme, os días sábado 16, domingo 17 e luns 18 de xullo, deixou un cartel en Cultura, para coñecemento.



- Realizou unha visita o local do Club Ciclista Cambre, situado na rúa Río Sil, da Barcala, para ver o local e realizarlle unhas fotos, para confección da ficha de control na Concellería de Movemento Asociativo.
- Visitou o castro, para unha xuntanza Galaico Romana con todos os compañeiros.
- O día 14/07/2016, xuntanza no castro de Cambre todos os membros da corporación, cos rapaces da gardería Fraga Encantada.
- O día 15/07/2016, ás 12:00 horas xuntanza de toda a corporación, diante do concello para gardar un minuto de silencio polo recente atentado terrorista de Niza-Francia.
- Ás 17:00 horas, xuntanza con toda a corporación na porta do Concello, para realizar co Sr. alcalde Óscar Garcia Patiño a presentación da festa galaico romana e o poboado castrexo.
- O día 16/07/2016, pasou o día no poboado castrexo coas familias castrexas e romanas e pola noite foron ao auditorium para ver a obra "anfitrión" do grupo Tarambana da Fundación Wenceslao Fernández Flórez .
- O día 17/07/2016, toda a corporación estivo ata o peche da festa.

Informes do concelleiro delegado da área de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente e Patrimonio

Don Juan A. González Leirós dá conta dos seguintes asuntos:

- O día 13-07-2016, mércores, reunión Xunta de Galicia. Coruña. Carreteras. Sendo o asunto a tratar o proxecto das beirarrúas da Xira, Sigrás.

Informes da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Socioeconómico

Dona Leonor Fernández Grande dá conta dos seguintes asuntos:

- O día 12 de xullo, ás 16:30 horas, reuniuse coa asociación de empresarios de Cambre.
- O día 13 de xullo ás 8:00 horas comezo curso de "montaxe e mantemento de instalacións solares térmicas" enmarcado dentro do Plan AFD/2016 e ás 9:30 o primeiro curso de usuario profesional de produtos fitosanitarios impartido por dous técnicos de Consellería do Medio Rural e do Mar.
- O día 14 de xullo rolda de prensa para presentar a I feira galaico-romana GALAICOI que terá lugar neste concello os días 15, 16 e 17 do mes que andamos.
- O día 15 asistiu á entrega de diplomas do campamento urbano de nenos xunto coa concelleira de Educación no CEIP Wenceslao Fernández Flórez.



- O día 15, ás 17:45 horas apertura da I feira galaico-romana GALAICOI xunto con todos os membros da corporación municipal.

Informes da concelleira delegada da área de Protección Civil, Policía Local e Sanidade

Dona Josefa Vázquez Soto dá conta dos seguintes asuntos:

- O venres, día 15 de xullo, asistiu no CEIP de Cambre Wenceslao Fernández Flórez, á entrega de diplomas do campamento urbano.
- O sábado, día 16 de xullo, casou no salón de plenos do Concello de Cambre a dous veciños do concello.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as oito horas e corenta e cinco minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria

Oscar A. García Patiño

Maria Luisa de la Red Ampudia